

ADDENDA

AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES) E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “POR UNHA ALIANZA NO O SECTOR INDUSTRIAL GALEGO”.

REÚNENSE

Por unha banda, Dª. María Corina Porro Martínez, presidenta do CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES Galicia), con CIF núm. Q6550031F, actuando en nome e representación do dito organismo de acordo coa previsión establecida no art. 16 da Lei 6/1995, do 28 de xullo, en relación co art. 24 a) do Regulamento de réxime interno do CES Galicia.

E pola outra, D. Salustiano Mato de la Iglesia, Rector da UNIVERSIDADE DE VIGO (UVigo),, con CIF núm. Q86500028, actuando en nome e representación da dita institución, en virtude de nomeamento efectuado polo Decreto 47/2014, de 24 de abril.

Ambas partes recoñécense, na representación que ostentan, capacidade para formalizar o presente documento e para tal efecto,

EXPOÑEN

Con data 28 de xullo de 2017, ambas partes asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades dirixidas á dinamización do sector industrial galego baixo a denominación común de “POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO”, con base nos fundamentos e xustificacións que constan referidos no dito acordo.

Transcorridos catro meses da vixencia do convenio, a execución deste vense desenvolvendo a plena satisfacción de ambas partes, tanto no que respecta á realización das actividades que constitúen o seu obxecto como tamén no que concerne aos prazos de realización convenidos.

Non obstante, a partir da experiencia de aplicación do convenio e apreciándose que necesariamente deben acometerse determinadas actuacións no comprendidas no convenio asinado o 28 de xullo, considérase conveniente ampliar os contenidos que constitúen o seu obxecto.

Por todo iso e no exercicio das súas competencias, as partes reunidas acordan as seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

A presente Adenda ten por obxecto a modificación do Convenio de colaboración entre o CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA e a UNIVERSIDADE DE VIGO , co fin de ampliar o seu obxecto, as obrigas asumidas por ambas partes asinantes e, asemesmo, complementar o finanzamento inicialmente previsto.

Segunda.- Modificacións do convenio

Incorpóranse ao Convenio de referencia os seguintes contidos e actividades:

- Nova sección do informe consistente nunha diagnose das principais cadeas de subministro e servizos asociados (70 páxinas adicionais): Industria do automóbil, Industria da construcción naval (inclúe metal e aeronáutica), Industria téxtil-moda, Industria de rochas ornamentais, Industria alimentaria e Sectores baseados na economía do coñecemento (Tecnoloxías da Información e Comunicación, Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais, etc.).
- Nova sección do informe denominada “voces do sector”, que inclúe o resultado final das reunións cos diferentes axentes económicos pertencentes a empresas, sindicatos, centros tecnolóxicos, asociacións secotoriais e administracións públicas para coñecer cualitativamente a súa diagnose sobre o sector industrial.
- Incorporación das diferentes propostas finais do informe en fichas cos seguintes contidos: reto superior no que se inscriben, contextualización da necesidade, liñas estratéxicas da administración pública nas que se inscriben, obxectivos, descripción, potenciais axentes implicados e beneficiarios.

- Deseño de posibles indicadores de seguimento das propostas contidas no informe final do proxecto.
- Xestión da maquetación e impresión do informe que responderá as seguintes características: Uns 200 exemplares, cun número aproximadamente de 500 páxinas. Selección das infografías pertinentes en cada páxina do informe e revisión final. 2/3 do documento con impresión a 4/4 tintas pola existencia de gráficas. Tamaño estándar 210x297 mm. e papel de 60 gr/m². Selección de portada e contraportada con tapa dura 4/0 tintas, 150 gr/m².

Terceira.- Contribucións das partes asinantes

Corresponderá á Universidade de Vigo a execución das actuacións que a través da presente adenda se incorporan ao contido do convenio. Pola súa banda o CES, será o encargado de coordinar ditas actuacións de acordo co xa establecido na estipulación terceira do Convenio.

Cuarta. Valoración económica da contribución das partes asinantes do acordo

No ano 2017, o custo estimado valor/hora do grupo de traballo da UVigo que participará na execución das actuacións que a través da presente adenda se incorporan ao obxecto do Convenio, é o seguinte:

| Persoal docente investigador | custo/hora | horas dedicadas | Importe |
|---|------------|-----------------|--------------------|
| Investigador principal do proxecto | 42,36 € | 100 | 4.236,00 € |
| Investigador/a docente | 30,20 € | 150 | 4.530,00 € |
| Outro persoal a contratar para o mantemento do proxecto | 17,90 € | 500 | 8.950,00 € |
| TOTAL | | | 17.716,00 € |

Pola súa parte o CES realizará unha achega económica de quince mil euros (15.000,00) para contribuir a sufragar o custo mais arriba indicado e que satisfará á Universidade de Vigo con cargo á aplicación orzamentaria 06.B1.611A.640 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, logo da entrega da memoria ou informe final aos que se refire a estipulación cuarta do convenio.

A contribución dineraria do CES por importe de 15.000 euros, referida anteriormente, responde a unha compensación parcial polos gastos que terá que soportar a UVigo no desenvolvemento dos novos contidos e actuacións que se incorporán ao obxecto do convenio, no xeito anteriormente especificado.

En todo caso a valoración económica referida anteriormente debe entenderse como complementaria da que xa figura na estipulación cuarta do Convenio.

Quinta.- Réxime xurídico

A presente Adenda rexiráse polas condicións estipuladas no Convenio de colaboración do que trae causa, formando parte inseparable do mesmo.

Sexta.- Vixencia

A presente Adenda de modificación do Convenio de referencia, non supón alteración no prazo establecido para a súa vixencia.

Dª. Corina Porro Martínez

D. Salustiano Mato de la Iglesia

Presidenta do CES-Galicia

Reitor Magnífico da UVigo